

CONSELLO DA
CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.gal

X / Instagram
[@consellocultura](https://www.instagram.com/consellocultura)

Facebook
[facebook.com/consellocultura](https://www.facebook.com/consellocultura)

Correo
medios@consellodacultura.gal

Tel.
+34 981 95 72 02
+34 667 33 82 74

► 02/05/2024

O Consello da Cultura Galega e a Universidade do Minho analizan nun encontro a arquitectura fortificada da Raia

As fortificacións históricas construídas tras a independencia de Portugal, no século XVII, son hoxe un rico patrimonio cultural que se estuda desde diferentes ámbitos académicos. Co obxectivo de explorar e promover o coñecemento e a conservación das paisaxes defensivas transfronteirizas, o Consello da Cultura Galega (CCG) e a Universidade do Minho organizan este venres a xornada *A arquitectura fortificada da Idade Moderna como construto da fronteira miñota*. A presidenta do CCG, Rosario Álvarez, inaugura esta sesión, que se enmarca no ciclo “Conversas na Raia”, e que nesta ocasión se desenvolve en Vila Nova de Cerveira.


O comezo da Guerra da Restauración, tras a proclamación de João IV como rei, desencadeou a independencia de Portugal con respecto á coroa de Castela, así como un proceso de modernización das defensas medievais na fronteira entre Portugal e España. Expertos en arquitectura, historia e arqueoloxía reúnen-se durante un día para poñer en común as investigacións sobre este patrimonio. O evento destaca a importancia da colaboración interadministrativa na xestión do patrimonio cultural transfronteirizo e subliña o valor das paisaxes defensivas como testemuños vivos da historia e da cultura de ambos os países.

O programa

A sesión está organizada en dous paneis. No primeiro abordarase a xestión patrimonial destes espazos. Nel, Rebeca Blanco-Rotea moderará a mesa titulada “A xestión patrimonial da arquitectura fortificada fronteiriza”, na que o arquitecto da Xunta de Galicia Manuel Vecoña profundará no Plan Director das Fortalezas Transfronteirizas do Baixo Miño. Sobre a xestión patrimonial dos monumentos raianos de Vila Nova de Cerveira falarán Jorge Martins e Manuela Ferreira, da Cámara Municipal dese municipio. Pechará o panel a arquitecta da Cámara Municipal de Valença Belisa Vilar, que explicará a xestión da fortaleza desa localidade.

O segundo dos paneis, moderado polo historiador tudense Suso Vila, versará sobre o contexto e estudo da arquitectura e a paisaxe fortificada da Raia. Contará coas intervencións do investigador independente Xoán R. Carnero Fernández, quen ofrecerá un relatorio titulado “Goián (1663-1668): evolución da fortificación portuguesa”. Continuará co investigador do Lab2PT da Universidade do Minho Tiago Rodrigues, quen abordará a construción e o proxecto do sistema defensivo amurallado do val do río Miño no período histórico que vai de 1621 ata 1763. E pechará a sesión Rebeca Blanco-Rotea cunha intervención que titulou “Arqueoloxía dunha paisaxe: fortificar a fronteira galego-portuguesa na Idade Moderna”.

COMUNICADO DE MEDIOS



CONSELLO DA
CULTURA GALEGA

Web

consellodacultura.gal

Twitter / Instagram

@consellocultura

Facebook

facebook.com/consellocultura

Correo

medios@consellodacultura.gal

Tel.

+34 981 95 72 02

Ademais das conversas, os participantes terán a oportunidade de visitar o castelo de Vila Nova de Cerveira.

Conversas na Raia

En 2014, cando se facían 150 anos do Tratado de Lindes de Lisboa, que fixou as actuais fronteiras entre España e Portugal, o Consello da Cultura Galega e a Universidade do Minho puxeron en marcha o programa Conversas na Raia. A primeira sesión tivo lugar ese ano cunha xornada titulada *As fronteiras políticas (150 anos do Tratado España-Portugal)*, que profundou en cuestións históricas e xeográficas e que contou con participantes como Ramón Villares, Rubén Lois, Álvaro Domingues, José Viriato, Pegerto Saavedra, Daniel Lanero ou Dulce Freire. Tres anos despois, en 2017, tivo lugar a segunda edición cun encontro en Melgaço, en homenaxe ao profesor José Marques. No marco desa edición, na que participaron Manuel Baptista Calçada Pombal, Fernando López Alsina, José Viriato Capela, Rosario Álvarez e Ramon Villares, presentouse o libro *Alto-Minho e Galiza. Estudos Históricos* e o proxecto *Gallaecia Monumenta Historica*.

Ligazóns relacionadas

<https://consellodacultura.gal/evento.php?id=201858>